



IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

O Barco de Valdeorras

Anuncio

O Pleno do Concello do Barco de Valdeorras, en sesión extraordinaria realizada o 23 de marzo de 2017, aprobou inicialmente o expediente de modificación do orzamento xeral do concello para 2017, mediante suplemento de crédito 01/2017, financiado con cargo ao remanente de Tesourería para gastos xerais, por un importe conxunto de 387.356,10 euros.

De acordo co artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expóñense os citados acordos e expedientes ao público durante quince días hábiles a partir da publicación deste anuncio, durante os cales os interesados segundo o artigo 170.1 poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno, polos motivos contemplados no artigo 170.2 do mesmo texto normativo. Os expedientes considerásenne definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

O Barco de Valdeorras, 24 de marzo de 2017. O alcalde.
Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

Anuncio

El Pleno del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras, en sesión extraordinaria celebrada el 23 de marzo de 2017, aprobó inicialmente el expediente de modificación del presupuesto general del ayuntamiento para 2017, mediante suplemento de crédito 01/2017, financiado con cargo al remanente de Tesorería para gastos generales, por un importe conjunto de 387.356,10 €.

De acuerdo con el artículo 169.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se exponen los citados acuerdos y expedientes al público durante quince días hábiles a partir de la publicación de este anuncio, durante los cuales los interesados según el artículo 170.1 podrán examinarlos y presentar reclamaciones ante el Pleno, por los motivos contemplados en el artículo 170.2 del mismo texto normativo. Los expedientes se consideraran definitivamente aprobados si durante el citado plazo no se presentasen reclamaciones.

O Barco de Valdeorras, 24 de marzo de 2017. El alcalde.
Fdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

R. 850

O Barco de Valdeorras

Anuncio

Convocatoria do proceso de selección para a formación dunha bolsa de traballo para a ocupación de director/a para a Escola Infantil Municipal do Barco de Valdeorras para posibles coberturas temporais, sendo a vixencia da bolsa ata o 31.12.2018.

Convocatoria do proceso de selección que se indica a continuación, segundo as bases aprobadas mediante Resolución de Alcaldía de data 24 de marzo de 2017:

*Denominación da ocupación da bolsa de traballo:

- Director/a para a Escola Infantil Municipal do Barco de Valdeorras.

*Obxecto:

- Formación de bolsa de traballo para a ocupación de Director/a para a Escola Infantil Municipal do Barco de Valdeorras, mediante o sistema concurso-oposición, sendo a

vixencia da bolsa ata o 31/12/2018, para posibles coberturas temporais, sendo as funcións a realizar as descritas no art. 1º das bases de convocatoria.

*Titulación e requisitos esixidos:

Os esixidos no art. 3º das bases de convocatoria, sendo entre outros:

- Estar en posesión da Titulación universitaria de Diplomatura en Maxisterio, especialidade educación infantil, Diplomado/a en EXB, especialidade preescolar ou Grao universitario de Maxisterio de Educación Infantil na data na que remate o prazo de presentación de instancias; no suposto de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión do documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

- Estar en posesión do certificado de formación en hixiene e manipulación de alimentos ou tarxeta ou carné de manipulador de alimentos e tamén ter un Curso ou xornada de Primeiros Auxilios (entendido como curso/xornada independente, non como módulo integrante dun curso, nin como materia dun curso académico).

- Ter posta a vacinación contra a rubéola, cando a aspirante que opte á presente convocatoria sexa unha muller.

*Documentación:

- As esixidas nas bases de convocatoria que se entregarán na Oficina de Información do Concello, estando tamén dispoñibles no taboleiro de edictos electrónico do concello (<https://sede.concellodobarco.org>).

*Presentación de instancias:

- No Rexistro físico (de 09.00 a 14.00 horas dos días hábiles) ou no rexistro electrónico do Concello do Barco de Valdeorras (o primeiro atópase no edificio núm. 2 da Praza do Concello do Barco e o segundo na sede electrónica do Concello na páxina web da rede de internet á que se pode acceder na <https://sede.concellodobarco.org>) durante o prazo de sete días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no "Boletín Oficial da Provincia de Ourense". As solicitudes poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Tamén poderán presentarse de acordo co previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo co que dispón a Disposición derogatoria única en relación coa Disposición final 7ª da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

As bases e o anuncio da convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do concello (Praza do Concello, n.º 1) e no taboleiro de edictos electrónico do concello (<https://sede.concellodobarco.org>); no suposto de non ser posible publicalas bases no taboleiro de edictos electrónico do concello o mesmo día que saia publicada a convocatoria no BOP de Ourense, entón o prazo de presentación de solicitudes comezará a computarse a partir do día seguinte ao da publicación das bases no taboleiro de edictos electrónico do concello.

O Barco, 24 de marzo de 2017. O alcalde.

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

Anuncio

Convocatoria del proceso de selección para la formación de una bolsa de trabajo para la ocupación de director/a para la Escuela Infantil Municipal de O Barco de Valdeorras para posibles coberturas temporales, siendo la vigencia de la bolsa hasta el 31.12.2018.